

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SAÚDE MENTAL COMUNITARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade citada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2019.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- O desenvolvemento, por parte da Asociación Andaina Pro Saúde Mental, dun programa de saúde mental comunitaria, para a atención das persoas cunha enfermidade mental, con ou sen diagnóstico, e ás súas familias na área rural.

- O obxectivo do programa é ofrecer unha intervención integral que traballe no ámbito preventivo, educativo, social e rehabilitador, tendo en conta as necesidades psicosociais das persoas ás que vai dirixido. O programa desenvólvese na Comarca de Ordes e Ulla-Sar, e ten en conta as seguintes necesidades sociodemográficas detectadas:

1. A atención da saúde mental no rural. A atención domiciliaria é un punto clave para esta atención, tendo en conta a dispersión xeográfica da área. O Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Ordes é o dispositivo que ofrece unha intervención integral e especializada en saúde mental.

2. A importancia da saúde mental na muller como factor preventivo da enfermidade mental a nivel educativo, asistencial-coidados, rehabilitador e de inserción na comunidade.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que no ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

- Que a asociación é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais, así como a mellora da asistencia e calidade de vida dos seus familiares e amigos, e a defensa dos seus intereses e dereitos.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*, pola que se transpoñen ao ordenamento

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

